


|   |  |                               |                                 |
|---|--|-------------------------------|---------------------------------|
|  | IES MARÍA CASARES. Departamento de Matemáticas |                               | <b>3º ESO PDC<br/>2023-2024</b> |
|   | MATERIA  | Ámbito científico-tecnolóxico |                                 |
|   | PROFESORES/AS                                  | Lucía Rodríguez Ríos          |                                 |

| CONTIDOS             |  |
|----------------------|--|
| <b>1ª AVALIACIÓN</b> | T1.-Números enteiros                         |
|                      | T2.- Fraccións e decimais                    |
|                      | T3.- Proporcionalidade e porcentaxes         |
|                      | T8.-O método científico. Medida e magnitudes |
|                      | T12.- A célula                               |
|                      | T13.-A función de nutrición                  |
| <b>2ª AVALIACIÓN</b> | T4.- Polinomios, ecuacións e sistemas        |
|                      | T5.- Funcións e gráficas                     |
|                      | T9.- A materia                               |
|                      | T10.- As reaccións químicas                  |
|                      | T13.-Función de nutrición                    |
|                      | T14- Función de relación e reprodución       |
| <b>3ª AVALIACIÓN</b> | T6.- Xeometría                               |
|                      | T7.- Estatística                             |
|                      | T11.- A enerxía                              |
|                      | T15.- Saúde e enfermidades                   |
|                      | T16.- A paisaxe. Riscos naturais             |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN   | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|-----------------------------|
| Probas escritas e/ou orais  | 60%                         |
| Táboas de indicadores (Actividades descritas no apartado seguinte)  | 40%                         |
| <b>CONVOCATORIA ORDINARIA</b>   |                             |
| <p><b><u>Nota de cada avaliación:</u></b></p> <p>Realizaránse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. A nota dos exames será a media aritmética de todas as probas e representará o 60% da nota da avaliación. O 40 % restante ven definido polos criterios de avaliación que se valoraran por taboas de indicadores, a través dalgunha das seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prácticas de laboratorio</li> <li>- Traballos cooperativos</li> <li>- Traballos individuais</li> </ul> |                             |

- Caderno de aula
- Proxectos científicos
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación
- Actividades en Edixga

**Cualificación convocatoria ordinaria:**

A nota final obterase como a media ponderada das tres avaliacións. A ponderación calcularase segundo as unidades avaliadas en cada unha e os seus respectivos pesos. Por exemplo, se se imparten tres unidades na 1ª avaliación con pesos respectivos de 10%, 10% e 15%, entón a nota da 1ª avaliación terá un peso do 35% da nota final.

**Outras indicacións:**

O alumno que, tendo a materia aprobada, queira subir a súa nota media poderá presentarse ao exame final ses risco de baixar a nota. Nos exames non se valorará ningún problema que non estea debidamente explicado, en ningún caso se valorará unha simple operación matemática que non estea acompañada e xustificada pola súa fórmula ou ecuación correspondente. Se un alumno da máis dunha resposta para un exercicio de resposta única, a puntuación deste será automaticamente 0. Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado, deberá aportar un xustificante oficial para poder realizalo o día que marque a profesora. Se falta ao último exame e non da tempo de facelo antes de avaliar, calcularáselle a nota cun cero nese exame e, cando se reincorpore, fará o exame.

**Criterios de recuperación:**

A materia considerase superada cando a media ponderada das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5. En caso contrario, o/a alumno/a deberá facer en xuño un exame sobre a materia da/s avaliación/s na/s que non acade a nota mínima. Ademais farase unha proba de recuperación por cada trimestre non superado ao longo do curso.

**CONTACTO CO PROFESORADO**

| NOME                 | CORREO ELECTRÓNICO               |
|----------------------|----------------------------------|
| Lucía Rodríguez Ríos | luciarodriguezrios@edu.xunta.gal |